# INFORME DE ACCIÓNS DE COORDINACIÓN

(Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural)

Curso 2020/21

R1 DO-0201 P1

Universida de Vigo

Facultade de Historia

# INFORME DE ACCIÓNS DE COORDINACIÓN

## Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

## CURSO 2020-2021

## Índice

I. Información xeral 2

II. Coordinación 2

III. Accións de coordinación 3

3.1. Calendario de xestión da planificación académica 3

3.2. Reunións de coordinación da CAM 4

3.3. Accións académicas docentes: Guías Docentes, Horarios, Avaliación, TFM, Prácticas, Admisión de alumnos 6

3.4. Accións académicas da titulación: Campaña de promoción e publicidade, Sesión informativa de liñas de investigación e oferta de TFMs, Convocatoria e adxudicación de bolsas propias de mobilidade para prácticas do Máster 8

IV. Conclusións 9

# I. INFORMACIÓN XERAL

| | |
|---|---|
| Denominación do título | Máster universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural |
| Centro(s) onde se imparte o título | Facultade de Historia |
| Modalidade<br>Plano de estudios | Semipresencial<br>Curso 20-21: Plan 2018 |
| Curso de implantación | 2014/2015 |

# II. COORDINACIÓN

**Coordinación de título:** Fermín E. Pérez Losada

**Coordinadores de módulo docente**

| Módulo | Coordinador | Centro |
|---|---|---|
| Módulo 1 | Fermín Pérez Losada | Facultade de Historia |
| Módulo 2 | Joaquin Martínez Sánchez | Esc. Enx. Minas e Enerxía |
| Módulo 3 | Beatriz Comendador Rey | Facultade de Historia |
| Módulo 4 (Practicum+TFM) | Domingo Rodríguez Teijeiro | Facultade de Historia |

**CAM**

| Cargo | Responsable | Centro |
|---|---|---|
| Coordinador | Fermín Pérez Losada | Facultade de Historia |
| Secretario | Adolfo Fernández Fernández | Facultade de Historia |
| Vogal | Belén Riveiro Rodríguez | Escola Enxeñaría Industrial |
| Vogal | Mercedes Solla Carracelas | Centro U. de Defensa |
| Vogal | Elena de Uña Álvarez | Facultade de Historia |
| Vogal | Joaquin Martínez Sánchez | Esc. Enx. Minas e Enerxía |

# III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN

## 3.1. CALENDARIO DE XESTIÓN DA PLANIFICACIÓN ACADÉMICA (CURSO 2020-2021)

| TAREFA | RESPONSABLE | DATAS |
|---|---|---|
| Aprobación PDA e oferta prazas Máster 20-21 | CAM / Xta. Fac. | Febreiro 2020 |
| Aprobación POD curso 20-21 | CAM / Cons. Dep. | Abril 2020 |
| Elaboración e revisión de Guías Docentes 20-21 | Profesorado / Coord. | Xuño 2020 |
| Aprobación das Guías Docentes 20-21 | CAM | Xullo 2020 |
| Listaxes valoradas de admisión no Máster 20-21 | CAM | Xullo-Setembro 2020 |
| Campaña promocional do Máster (xornais dixitais, redes sociais, *mailing*) | Coord. | Agosto-Setembro 2020 |
| Aprobación do calendario xeral, horarios, probas de avaliación, cronograma de Prácticas e calendario/cronograma de convocatorias, depósito e defensa de TFMs 20-21 | CAM | Setembro 2020 |
| Programación e execución do PAT 20-21 | Respons. PAT / CAM | Outubro 2020 – Outubro 2021 |
| Aprobación de matrículas fóra de prazo, matrículas a tempo parcial e convalidación de prácticas (1º prazo) 20-21 | CAM | Outubro-Decembro 2020 |
| Aprobación solicitudes de TFM para convocatoria adiantada e sorteo de composición de tribunais xulgadores 20-21 | CAM | Decembro 2020 |
| Aprobación do balance económico do exercicio 2020 e da proposta de reparto de partidas para o exercicio económico 2021 | CAM | Decembro 2020 |
| Sesión de presentación ao alumnado de liñas de investigación e oferta de TFMs por parte do profesorado 20-21 | Respons. TFM / Coord. | Xaneiro 2021 |
| Listaxe definitiva de TFMs para convocatoria adiantada e asignación de tribunal xulgador 20-21 | CAM | Xaneiro 2021 |
| Listaxe provisional de asignación de prácticas 20-21 | CAM | Febreiro 2021 |
| Listaxe definitiva de asignación e convalidación de prácticas (2º prazo) 20-21 | CAM | Marzo 2021 |
| Aprobación solicitudes e tribunais de TFM para convocatorias ordinarias (xuño, xullo, setembro) 20-21 | CAM | Marzo-Abril 2021 |
| Valoración e puntuación para concesión de bolsas de mobilidade do Máster 20-21 | CAM | Xuño 2021 |

| | | |
|---|---|---|
| Asignación tribunais e días/horas de actuación para defensa de TFMs convocatoria de xullo 20-21 | CAM | Xullo 2021 |
| Asignación tribunais e días/horas de actuación para defensa de TFMs convocatoria de setembro 20-21 | CAM | Setembro 2021 |
| Aprobación Informe de coordinación | Comisión de calidade | Decembro 2021 |
| Aprobación Informe de coordinación | CAM / Xta Fac | Decembro 2021 |

## 3.2. Reunións de coordinación da CAM

| Data | Orde do día | Documento xustificativo |
|---|---|---|
| 10/09/2020 | 1. Aprobación, se procedese, de Actas de CAMs precedentes (29/05/2020; 30/07/2020)<br>2. Asuntos de matrícula no curso 20-21: baremación das 24 solicitudes recibidas e publicación da listaxe provisoria de admisión/exclusión no 2º prazo de matrícula (10/09/2020)<br>3. Asuntos de calendario/horarios do curso 20-21: aprobación do calendario xeral do Máster, do calendario de datas de avaliación, do cronograma de prácticas e do cronograma semanal de sesións, actividades e probas de avaliación<br>4. Asuntos de TFM: aprobación do calendario xeral do TFM para o curso 20-21 e dos cronogramas e protocolos de depósito e defensa nas convocatorias adiantada e ordinarias<br>5. Rogos e preguntas | Acta_CAM_2020_09_10.pdf |
| 17/09/2020 | PUNTO ÚNICO:<br>• Aprobación, se procedese, da Listaxe DEFINITIVA de admisión no 2º prazo de inscrición no Máster (17/09/2020) | Acta_CAM_2020_09_17.pdf |
| 23/12/2020 | 1. Aprobación, se procedese, das Actas das CAM precedentes (30/07/2020; 10/09/2020; 17/09/2020)<br>2. Informe do Coordinador<br>3. Asuntos de matrícula no curso 20-21:<br>• Aprobación e ratificación, se procedese, de solicitudes de matrícula fóra de prazo (1) e de matrículas a tempo parcial (3)<br>• Aprobación e ratificación, se procedese, de solicitudes de convocatoria adiantada (1)<br>• Aprobación e ratificación, se procedese, de solicitudes de recoñecemento de créditos de Prácticas (convalidacións) tramitadas no 1º prazo (8)<br>4. Asuntos de TFM :<br>• Aprobación do listado provisional de TFMs autorizados pola CAM para Convocatoria Adiantada 20-21<br>• Organización para xaneiro/2021 dunha sesión de presentación aos alumnos das liñas/temáticas de posibles TFMs ofertados polo profesorado<br>• Sorteo de membros de tribunais de TFM para o curso 20-21<br>5. Asuntos económicos:<br>• Execución de gastos (publicidade, profesorado externo, bolsas, etc) do exercicio económico 2020<br>• Orzamento do exercicio económico 2021 e proposta de reparto de partidas<br>6. Rogos e preguntas | Acta_CAM_2020_12_23 Rev.pdf |

| | | |
|---|---|---|
| 25/02/2021 | 1. Aprobación, se procedese, de Actas de CAMs precedentes (23/12/2020)<br>2. Aprobación, se procedese, da proposta de PDA para o curso 2021-2022<br>3. Aprobación, se procedese, da distribución de bolsa de horas de Máster para o curso 2021-2022<br>4. Ratificación e aprobación, se procedese, de asuntos de TFM:<br>• Nomeamento de tribunais de TFM para o curso 20-21<br>• Convocatoria Adiantada (febreiro 2021): listaxe definitivo de TFMs autorizados, asignación de tribunal.<br>6. Aprobación, se procedese, de asuntos de Prácticas:<br>• Listaxe provisional de Prácticas para o curso 20-21<br>• Solicitudes de recoñecemento de créditos (convalidacións) efectuadas no 2º prazo (febreiro 2021)<br>7. Informe do Coordinador e/ou Secretario: estado de execución do PAT, enquisas de avaliación docente, etc.<br>8. Rogos e preguntas. | Acta_CAM_2021_02_25_REV.pdf |
| 26/03/2021 | 1. Aprobación, se procedese, de Actas de CAMs precedentes (25/02/2021)<br>2. Informe do Coordinador<br>3. Aprobación, se procedese, da proposta de POD para o curso 2021-2022<br>4. Aprobación, se procedese, da listaxe definitiva de asignación de centro de prácticas para o curso 2020-2021<br>5. Aprobación, se procedese, da Listaxe Provisional de TFMs autorizados pola CAM (asignación de títulos e titores) para a súa defensa nas convocatorias ordinarias (xuño, xullo e setembro) do curso 2020-2021<br>6. Rogos e preguntas | Acta_CAM_2021_03_26 REV.pdf |
| 25/06/2021 | PUNTO ÚNICO:<br>Aprobación ou ratificación, se procedese, dos seguintes documentos de TFM, bolsas de mobilidade e características/calendario de matrícula do Máster:<br>• Listaxe definitivo de TFMs autorizados pola CAM (asignación de títulos e titores) para a súa defensa nas convocatorias ordinarias do curso 2020-2021 (xuño, xullo e setembro)<br>• Listaxe de valoración e puntuación para a concesión de bolsas de mobilidade de mestrado para o curso 2020-2021.<br>• Anexo III coas características do mestrado HTCO3 ofertado para o curso 21-22<br>• Calendario de preinscrición e matrícula nos mestrados da Uvigo para o curso 21-22. | Acta_CAM_2021_06_25.pdf |
| 09/07/2021 | 1. Aprobación, se procedese, das actas das CAMs precedentes (26/03/2021 e 25/06/2021)<br>2. Informe do Coordinador.<br>3. Aprobación, se procedese, de asignación de tribunais e días/horas de actuación para lectura e defensa de TFMs na convocatoria de xullo 2021.<br>4. Aprobación, se procedese, das Guías Docentes (DocNet) para o curso 21-22.<br>5. Rogos e preguntas. | Acta_CAM_2021_07_09.pdf |
| 20/07/2021 | 1. Aprobación, se procedese, das actas das CAMs precedentes (26/03/2021, 25/06/2021 e 09/07/2021)<br>2. Informe do Coordinador.<br>3. Aprobación, se procedese, da listaxe provisional do 1º prazo de admisión no Máster para o curso 21-22.<br>4. Rogos e preguntas. | Acta_CAM_2021_07_20.pdf |
| 29/07/2021 | PUNTO ÚNICO:<br>• Aprobación, se procedese, da listaxe definitiva baremada do 1º prazo de admisión no Máster para o curso 21-22. | Acta_CAM_2021_07_29.pdf |

## 3.3. ACCIÓNS ACADÉMICAS DOCENTES: GUÍAS DOCENTES, HORARIOS, AVALIACIÓN, TFM, PRÁCTICAS, ADMISIÓN DE ALUMNOS

### ➢ Guías Docentes (DocNet)

Xuño 2020: Primeira revisión do coordinador das guías docentes do Máster curso 2020/2021, corrixindo erros xenéricos e bloqueando os apartados de competencias e resultados da aprendizaxe.

28/06/2020: Comunicación por mail a tódolos profesores coordinadores de materias, enviándolle un documento coas novidades e/ou indicacións do curso (plan de continxencias, planificación, metodoloxías, probas de avaliación) e solicitándolle a súa revisión, tanto do plan actual como do antigo.

Instruccions DocNet 20-21 Maste

28/06 a 08/07/2020: Revisión final do coordinador das guías docentes enviadas polo profesorado. Bloqueo final da aplicación unha vez que todas as materias estiveron revisadas.

O02M143V03_cast.pdf

30/07/2020: Aprobación das Guías Docentes na CAM.

### ➢ Calendario, horarios, probas de avaliación, cronograma do TFM

Agosto/2020: Elaboración por parte do Coordinador do calendario xeral do Máster, do calendario de datas de avaliación, do cronograma de prácticas e do cronograma semanal de sesións, actividades e probas de avaliación. Tamén se elaboran o calendario xeral do TFM e os cronogramas e protocolos de depósito e defensa nas convocatorias adiantada e ordinarias.

| | | | |
|---|---|---|---|
| Calendario Convocatoria Adelai | Calendario general master 2020-2021 Re | Calendario-Horarios Máster HTCO3 20-: | Fechas límite Evaluación 2020-202 |
| Calendario Convalidaciones 202 | Calendario general TFM curso 2020-202 | Cronograma protocolo actuación | Cronograma protocolo actuación |

Setembro/2020: Revisión e corrección puntual dos horarios e cronogramas segundo as alegacións recibidas dos profesores. Aprobación destes documentos na CAM celebrada o 10/09/2020, subíndose posteriormente á web para a súa difusión pública.

- **Cronograma, asignación e convalidación de Prácticas externas**

Setembro/2020: Elaboración do cronograma xeral de desenvolvemento da materia.

HTCO3_Practicas_cronog_2020-2021.pd

Novembro/2020: Recoñecemento de créditos (convalidacións) de Prácticas presentadas no 1º prazo (CAM do 23/12/2020)

Informe técnico Convalidacións Prác

Febreiro-Marzo/2021: Asignación de titores académicos e listaxe provisoria (CAM do 25/02/2021) e definitiva (CAM do 26/03/2021) de Prácticas Externas.

2021 Listado definitivo Practicas.p

Marzo/2021: Recoñecemento de créditos (convalidacións) de Prácticas presentadas no 2º prazo (CAM do 26/03/2021)

Informe técnico Convalidacións Prác

- **Aceptación de solicitudes e asignación de tribunais para lectura e defensa de TFMs.**

Decembro/2020-Febreiro/2021: Sorteo para composición de tribunais xulgadores (23/12/2020, correc. erros 25/02/2021). Aprobación de listaxe de TFMs autorizados para Convocatoria Adiantada (provisional 23/12/2020; definitiva 13/01/2021). Asignación de tribunal xulgador (15/02/2021).

Tribunales TFM 2020-2021 Revisado.

Listado TFMs autorizados CAM pa

Listado TFMs autorizados CAM pa

Asignacion tribunales conv feb

Marzo/2021: Aprobación de Listaxe provisional (26/03/2021) e definitiva (28/04/2021) de solicitudes de titoración de TFM para convocatorias ordinarias

Listado TFMs autorizados CAM Cc

Listado TFMs autorizados CAM Cc

Xullo/2021: Asignación definitiva de tribunais e de día/hora de actuación para a lectura de TFMs na convocatorias de xullo (09/07/2021)

Asignacion tribunales conv xull

Setembro/2021: Aprobación de asignación definitiva de tribunais e de día/hora de actuación para a lectura de TFMs na convocatoria de setembro (08/09/2021)

Asignacion tribunales conv sete

- **Admisión de alumnos/as para matrícula no Máster (1º e 2º prazo).**

Xullo-Setembro/2021: Publicación das listaxes de admisión de alumnos no Máster para o curso 20-21, tanto no 1º prazo (xullo) como no 2º (setembro), aprobadas nas CAM respectivas de 29/07 e 16/09 de 2021.

2021-07-29 MASTER HTCO3 LISTADO DEI

2021-09-16 MASTER HTCO3 LISTADO DEI

## 3.4. Accións académicas da titulación: campaña de promoción e publicidade, sesión informativa de liñas de investigación e oferta de TFM, convocatoria e adxudicación de bolsas propias de mobilidade para prácticas do máster

Agosto-Setembro 2020: Campaña de promoción e publicidade do Mestrado inmediatamente anterior ao 2º prazo de matrícula (26 agosto – 1 setembro): publicación durante 7 días de *banner* animado en prensa dixital (El País edición Galicia, Cadena Ser, La Voz de Galicia), video promocional de produción propia difundido en redes sociais, mailing personalizado aos alumnos da Uvigo de último curso e recén graduados dos títulos en Xeografía e Historia, Turismo, Educación e Belas Artes.

https://youtu.be/FD96-aPr2PE

2020 Publicidad La Voz de Galicia 26 ag

2020 Publicidad elpais.com 26 agost

2020 MÁSTER 2º plazo Promo.pdf

Xaneiro 2021: Sesión de presentación ao alumnado de liñas de investigación e oferta de TFMs por parte do profesorado do Mestrado, celebrada en sesión *e-meeting* o 27/01/2021. A sesión foi grabada, quedando a disposición dos alumnos/as na plataforma MooVi da material TFM.

https://emeeting.campusdomar.es/recording/c6e91939d589af328ee2c5274b5474ba

Abril-Xullo/2021: Convocatoria de bolsas propias da Uvigo para mobilidade do Mestrado (3 bolsas de 100 € para desprazamentos diarios sen cambio de residencia, para realizar as prácticas); Valoración e puntuación da CAM para a concesión destas bolsas de mobilidade: 1 bolsa concedida, 2 bolsas desertas.

Convocatoria Mobilidade Máster 2

Listaxe concesión Bolsas Mobilidade 2

## IV. CONCLUSIÓNS

No curso 2020-2021 (7ª edición do Máster) houbo finalmente 19 alumnos matriculados (orixinariamente foron 21, pero infelizmente dous deles anularon matrícula antes do remate do 1º cuadrimestre), cunha demanda inicial moderada pero suficiente (32 solicitudes, 7 das cales foron de solicitantes estranxeiros alleos ao EEES). Consolídase así a demanda e interese académico e social de matrícula no Mestrado, ben estabilizada e perfectamente sostible en 20 prazas.

Non obstante, no 1º prazo (25 xuño – 1 xullo), quizais debido ao excesivamente temperán das datas, a demanda de matrícula foi especialmente baixa (9 solicitudes admitidas, das cales soamente 6 chegaron a formalizar matrícula), o cal obrigou a facer unha campaña promocional especialmente intensa durante o mes de agosto, concentrada durante a última semana do mes coetaneamente ao 2º prazo de inscrición (26 agosto – 1 setembro): publicación dun *banner* animado en medios de coumunicación dixitais (La Voz de Galicia, El País edición Galicia, CadenaSer.com), elaboración propia dun video promocional difundido ao traveso das redes sociais (especialmente no Facebook e Instagram da Facultade de Historia) e *mailing* personalizado a todo o alumnado de último curso ou recén graduado dos títulos de Xeografía e Historia, Turismo, Educación e Belas Artes da Universidade de Vigo. No 2º prazo xa houbo unha demanda considerable (23 solicitudes), sendo admitidos 17 novos alumnos e quedando outros 6 en listaxe de espera.

Polo demais, os labores de coordinación académica e docente foron os habituais, xa ensaiados e testados en cursos precedentes: aprobación da PDA e POD para o curso 20-21 (febrero-abril 2020); elaboración, revisión e aprobación das Guías Docentes (xullo 2020); elaboración e aprobación de calendarios, horarios e probas de avaliación (setembro 2020); programación do plan de acción titorial (PAT); publicación das listaxes de admisión no curso 21-22 nos dous prazos nos que estivo aberta (xullo e setembro 2021).

Como a totalidade da docencia do Máster é *online* (plataforma *e-meeting*), este non se viu excesivamente afectado polas medidas de confinamento e/ou distanciamento social provocado pola COVID19. Mantivéronse as medidas ensaiadas no curso precedente respecto ás Prácticas, esto é, permitir os cambios extraordinarios de centro ou empresa e, sobre todo, ampliar grandemente o periodo de realización, incluíndo os meses de verán (xullo e agosto). Aínda así, unha maioría de estudantes (9)

optou por convalidar as prácticas por experiencia laboral equivalente, sendo soamente 7 alumnos os que se decantaron por facer as prácticas, todas elas presenciais.

As accións de índole académica estiveron restrinxidas á xa citada campaña de promoción do Máster canda o 2º prazo de matrícula (agosto 2020), á convocatoria, baremación e adxudicación de bolsas de mobilidade para facer as prácticas (abril-xullo 2021) e, por último, á organización dunha sesión de presentación ao alumnado de liñas de investigación e oferta de TFMs por parte do profesorado do Mestrado, celebrada en sesión *e-meeting* o 27/01/2021. As dúas primeiras accións citadas xa foran ensaiadas en cursos precedentes, pero non así o da sesión de presentación de oferta de TFMs, que se fixo por primeira vez durante este curso 20-21 en resposta á demanda solicitada polos alumnos no curso precedente. A xornada cumpriu aparentemente con obxectivo perseguido, aínda que infelizmente non implicou ningún aumento significativo no número de defensas de TFMs que, durante o curso 20-21, resultou ser anormalmente baixo: tan só 8 defensas (36%) de 22 posibles. Este é un dos problemas endémicos do Máster ao que se debería prestar especial atención nos próximos cursos.

Ourense, a 12 de decembro de 2021



Asdo. Fermín E. Pérez Losada
Coordinador do Máster HTCO3